

INF RMA

ACLARACIÓNS SOBRE AS HORAS DE FORMACIÓN PARA RECOÑECEMENTO DE SEXENIOS.

Tendo en conta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está comezando a recoñecer de oficio os sexenios ao profesorado cómpre facer unha serie de aclaracións sobre as horas de formación que é necesario acreditar para o recoñecemento dos mesmos.

Todas aquelas actividades que aparezan recollidas en FPROFE e homologadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou ben, doutras administracións que aparezan na aplicación de datos persoais serán tidas automaticamente en conta.

As actividades organizadas por Universidades poderán ser recoñecidas como horas de formación do profesorado. Neste caso poden darse dúas situacións:

1. A Actividade é anterior á entrada en vigor da nova orde de formación (Orde do 14 de maio de 2013): neste caso só será recoñecida como horas de formación se existía un convenio específico entre a Universidade e a Consellería.
2. A Actividade é posterior á entrada en vigor da nova orde de formación (Orde do 14 de maio de 2013): neste caso o artigo 33 permite solicitar recoñecemento de dita actividade sempre e cando cumpra todos os requisitos establecidos na mesma para as distintas modalidades de formación. Para solicitar dito recoñecemento como horas de formación do profesorado haberá que realizar unha petición por escrito ao Servizo de Formación do profesorado da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado axuntando copia cotexada do certificado e programa da actividade. Se a actividade cumpre todos os requisitos a actividade enviará ao interesado un documento no que se recoñece dita actividade como horas de formación do profesorado. Unha copia cotexada de dito documento debe ser entregada na Sección de Persoal para que poida ser tida en conta para o recoñecemento do sexenio.

Para ampliar información poden dirixirse a través de calquera medio ás nosas sedes.

[LINK ás diferentes sedes de ANPE](#)

Secretaría de Comunicación ANPE GALICIA, 10 de abril de 2014

